

NOME CIENTÍFICO

Alnus glutinosa

Descrición:

Árbore de ribeira que pode acadar os 25 metros de altura. O seu tronco é recto e a súa copa, foliosa. A súa codia posúe unha cor gris.



21

As súas flores agrúpanse en amentos que poden ser masculinos ou femininos.

Familia: Betulaceae
Orixe: Europa, Asia
Nome común: Amieiro



22



23

A folla é caediza duns 6 a 12 centímetros de longo, de cor verde escura pola face e un pouco máis claro polo revés. Permanece verde ata a súa caída en outono. As follas novas son moi pegañentas cando son novas (de aí o nome de glutinosa “pegañento” en latín).

Alnus glutinosa

Hábitat

Vive nas marxes dos ríos e ribeiras, nos fondos dos vales, en zonas inundadas e ladeiras húmidas. Grazas á súa asociación simbiótica coa bacteria *Frankia alni* pode tolerar solos de escasos nutrientes que non serían adecuados para outras especies. A súa distribución é ao longo do continente europeo, exceptuando os seus extremos norte e sur, e incluíndo as illas Británicas e Irlanda. Nas Gándaras de Budiño (O Porriño) atopamos uns dos mellores amieirais da península.

Usos ou propiedades

A súa madeira é doada de cortar e é moi resistente ao auga polo que é moi utilizada naqueles usos que estean destinados a unha grande exposición ao auga, como poden ser zocas, pontes, muiños... Os alicerces das casas de Venecia están todos eles elaborados con madeira de amieiro. O seu carbón utilizábase para a elaboración de pólvora.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

Na mitoloxía nórdica, o amieiro, é símbolo de resurrección, probablemente debido a que a súa madeira, cando se corta, pasa de branco a vermello. É tamén unha crenza desa mitoloxía que os primeiros seres humanos se crearon a partir de amieiros. O nome latino “glutinosa” significa moi pegañento e fai referencia ás numerosas glándulas de resina que ten a planta nova.